



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Lobios

Edicto

Unha vez elevado a definitivo, por non se ter presentado reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión con data 31.07.2010, de aprobación inicial do expediente da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable do Concello de Lobios, publícase seguidamente, tanto o acordo de aprobación inicial como o texto definitivo da ordenanza, en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local.

Punto segundo: aprobación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de subministración de auga potable no concello de lobios.

O alcalde, Sr. Lamela Bautista, dá conta da proposta de Alcaldía, que foi remitida xunto coa convocatoria, e que se transcribe literalmente:

“Proposta da Alcaldía

Unha vez examinado o expediente tramitado para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable do Concello de Lobios, e en razón da necesidade de actualizala taxa. Logo de ve-los informes emitidos, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar, provisionalmente, a imposición da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable do Concello de Lobios e ordenar esta na forma que regula a ordenanza fiscal cuxo texto figura anexo á proposta da Alcaldía, conforme ó artigo 16 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Exporlle ó público este acordo e a ordenanza fiscal, tal e como preceptúa o artigo 17.1 e 2 do mencionado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentaran reclamacións e continua-lo expediente ata a súa conclusión de acordo co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 do mencionado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Cuarto.- A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta.

Anexo I

Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de subministración de auga potable do Concello de Lobios.

Artigo 1º. Fundamento legal

Ó abeiro do previsto nos artigos 4.1. a) e b) e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do previsto nos artigos 15 a 27 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o Concello de Lobios establece a taxa por servizos de distribución de auga potable mediante esta ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de subministración de auga potable, comprendendo a súa

captación, tratamento, depósito e distribución ata as vivendas ou locais, incluídos os dereitos de conexión á rede xeral, a través das instalacións públicas municipais, cando os servizos ou subministracións sexan prestados polo concello.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza, no concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan propietarias das vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo.

Artigo 4º. Responsables

1.- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo establecidas nesta ordenanza, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e sindicatos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Base imponible

Constitúen a base imponible desta taxa os metros cúbicos de auga consumida.

Artigo 6º. Cota tributaria

1.- Subministración de auga para uso doméstico:

1.1.- Cota de abono ó trimestre : 3,60 € (Ata 30 m3)

1.2.- Consumo doméstico

a) De 30 a 60 m3, o m3 : 0,20 €

b) De 61 a 90 m3, o m3 : 0,35 €

c) De 91 a 120 m3, o m3: 0,50 €

d) De 121 a 150 m3, o m3: 0,65 €

e) Máis de 150 m3, o m3 : 0,70 €

2.- Subministración de auga para uso industrial e comercial:

1.1.- Cota de abono ó trimestre: 6,00 € (Ata 60 m3)

1.2.- Consumo industrial e comercial

a) De 61 a 90 m3, o m3 : 0,20 €

b) De 91 a 120 m3, o m3 : 0,35 €

c) De 121 a 150 m3, o m3 : 0,40 €

d) Máis de 150 m3, o m3 : 0,45 €

A estas tarifas aplicaráselle-lo IVE correspondente.

As tarifas actualizaranse automaticamente cada ano por referencia ó índice de prezos ó consumo.

Artigo 7º. Exencións e bonificacións

Non se aplican exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer para esta taxa.

Artigo 8º. Aplicación da taxa

1.- A taxa aplicarase e nace a obriga de contribuir, o primeiro día do período impositivo.

2.- O período impositivo coincide co trimestre natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na súa prestación, en que o período impositivo será o seguinte:

a) Nos supostos de inicio, dende o día no que teña lugar ata o último día do mes do trimestre natural.

b) Nos supostos de cesamento, dende o primeiro día do trimestre natural ata o día no que se produza aquel.

Cando o período impositivo sexa inferior ó trimestre natural, o seu importe ratearase por días naturais.

3.- Tamén nace a obriga tributaria de pagamento de taxa nos supostos nos que se subministrase efectivamente auga sen que exista alta autorizada no servizo. Nestes casos, o concello liquidará a taxa correspondente ó consumo de auga realmente realizado, sempre que este conste, así como a cota fixa do servizo polo tempo no que constase que este se veu prestando, sen prexuízo da incoación de expediente sanciona-



dor ou do exercicio das acción xudiciais ou administrativas que puidesen corresponderlle ó concello.

Artigo 9º. Liquidación e ingreso

A liquidación da taxa será trimestral, sendo expedido o tríptico pola Excelentísima Deputación Provincial de Ourense, organismo que ten delegada a recadación en tanto dure esta.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

En relación á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles corresponden en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento desta.

Artigo 11º. Normas de xestión

1.- A taxa xestionarase a partir dun padrón que se formará trimestralmente polo concello e que se remitirá á Excelentísima Deputación Provincial de Ourense, para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2.- Será publicado así mesmo no taboleiro de edictos do concello por espazo dun mes, durante o cal os interesados poderán formula-las reclamacións ou alegacións que estimen necesarias. As modificacións, altas e baixas que se produzan ó longo do exercicio tributario incorporaranse ó padrón.

3.- Os interesados terán a obriga de comunicar calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modifica-los datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falta de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo interesado da súa obriga de comunica-los cambios producidos e, en todo caso, cando estes non foran coñecidos pola Administración tributaria.

4.- As operacións materiais de xestión, liquidación e recadación da taxa levaranse a cabo pola Excelentísima Deputación Provincial de Ourense, organismo que ten delegada a Recadación en tanto dure esta.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, que foi aprobado polo Pleno do Concello de Lobios, na sesión que tivo lugar o día ..., elevouse a definitiva polo Decreto n.º ... con fecha ..., entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Lobios, 27 de setembro de 2010. O alcalde.

Asdo.: José Lamela Bautista.

Edicto

Una vez elevado a definitivo, por non haberse presentado reclamaciones, el acuerdo plenario adoptado en la sesión con fecha 31.07.2010, de aprobación inicial del expediente de la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la prestación del servicio de suministro de agua potable del Concello de Lobios, se publica seguidamente, tanto el acuerdo de aprobación inicial como el texto definitivo de la ordenanza, en cumplimiento de lo preceptuado en el artículo 70.2 de la Ley reguladora de las bases de régimen local.

Punto segundo: aprobación de la Ordenanza fiscal reguladora de las tasas por la prestación del servicio de suministro de agua potable en el Ayuntamiento de Lobios.

El alcalde, Sr. Lamela Bautista, da cuenta de la propuesta de Alcaldía, que fue remitida junto con la convocatoria, y que se transcribe literalmente:

“Propuesta de la Alcaldía

Una vez examinado el expediente tramitado para la modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la prestación del servicio de suministro de agua potable del Ayuntamiento de Lobios, y en razón de la necesidad de actua-

lizar la tasa. Tras ver los informes emitidos, esta Alcaldía propón la adopción del siguiente acuerdo:

Primero.- Aprobar, provisionalmente, la imposición de la tasa por la prestación del servicio de suministro de agua potable del Ayuntamiento de Lobios, y ordenar ésta en la forma que regula la ordenanza fiscal cuyo texto figura anexo a la propuesta de Alcaldía, conforme al artículo 16 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales.

Segundo.- Exponer al público el presente acuerdo y la ordenanza fiscal, tal como preceptúa el artículo 17.1 y 2 del mencionado Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales.

Tercero.- Elevar a definitivo este acuerdo si no se presentaron reclamaciones y continuar el expediente hasta su conclusión de acuerdo con el procedimiento previsto en el artículo 17.4 y 5 del mencionado Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales.

Cuarto.- La ordenanza fiscal entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, será de aplicación a partir del día siguiente y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresas.

Sometida esta propuesta a votación, resultó aprobada por mayoría absoluta.

Anexo I

Ordenanza fiscal reguladora de las tasas por la prestación del servicio de suministro de agua potable del Ayuntamiento de Lobios

Artículo 1º. Fundamento legal

Al amparo de lo previsto en los artículos 4.1. a) y b) y 106 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, y de lo previsto en los artículos 15 a 27 y 57 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprobó el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales y en la disposición adicional cuarta de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, general tributaria, el Ayuntamiento de Lobios establece la tasa por los servicios de distribución de agua potable mediante esta ordenanza fiscal.

Artículo 2º. Hecho imponible

Constituye el hecho imponible de esta tasa la prestación del servicio de suministro de agua potable, comprendiendo su captación, tratamiento, depósito y distribución hasta las viviendas o locales, incluidos los derechos de conexión a la red general, a través de las instalaciones públicas municipales, cuando los servicios o suministros sean prestados por el ayuntamiento.

Artículo 3º. Sujeto pasivo

Son sujetos pasivos de la tasa regulada en esta ordenanza, en concepto de contribuyentes, las personas físicas o jurídicas, así como las entidades sin personalidad jurídica a las que se refiere el artículo 35.4 de la Ley general tributaria, que sean propietarias de las viviendas y locales situados en los lugares, plazas, calles o vías públicas en las que se preste el servicio.

Artículo 4º. Responsables

1.- Serán responsables solidarios de las obligaciones tributarias del sujeto pasivo establecidas en esta ordenanza, las personas físicas y jurídicas a las que se refiere el artículo 42 de la Ley general tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios los administradores de las sociedades y síndicos, interventores o liquidadores de quiebras, concursos, sociedades y entidades en general, en los supuestos y con el alcance que señala el artículo 43 de la Ley general tributaria.